

*Rúbrica para avaliar unha entrevista*

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
<b>Pronunciación</b>	A persoa locutora articula perfectamente as palabras e o texto enténdese con claridade	A persoa locutora articula as palabras con certa claridade e o texto pode entenderse na súa maioría.	A persoa locutora algunhas veces articula ben as palabras, pero o texto frecuentemente non se entende.	A persoa locutora de cando en cando articula as palabras e o texto non se entende
<b>Entoación</b>	Non hai erros. O ton é moi atractivo.	Algún erro illado, pero na súa maioría o ton é preciso e seguro.	Algúns veces o ton é preciso, pero hai erros frecuentes ou repetitivos.	Hai moi poucas veces en que o ton sexa preciso ou seguro.
<b>Contidos</b>	O textos están ben redactados e reflexan claramente o acontecido na celebración proposta.	O textos están ben redactados aínda que non sempre se entende ben o que aconteceu na celebración proposta.	Os textos teñen algúns erros de redacción que puntualmente dificultan a comprensión.	O textos teñen moitos erros de redacción e non se entende ben o que se pretende narrar.
<b>Incorpora opinións importantes</b>	Pediuse a opinión a persoas de interese para completar a información e o que aportaron é moi interesante	Pediuse a opinión a persoas de interese para completar a información pero o que aportaron non ten moito interese	Pediuse a opinión a persoas que non tiñan moita información que aportar polo que non enriqueceron o podcast coas súas opinións.	Non se incluíu a opinión de persoas que participaron na celebración.

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
<b>Calidade técnica</b>	As gravacións de audio son correctas. Mestúrase voz e base musical correctamente e aplícanse efectos que facilitan a comprensión.	As gravación de audio son correctas. A mestura de voz e base musical é correcta pero non se empregan efectos ou estes non contribúen a mellorar a comprensión	Algunhas gravacións de audio teñen erros de montaxe. Non se empregan efectos e a mestura de voz e música non está ben realizada.	As gravacións de audio teñen moitos erros e non se empregan efectos nen música de fondo
<b>Traballo en equipo</b>	Todos os membros do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando aos demais.	A maior parte dos membros do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando aos demais	A metade dos membros do equipo participou activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudándose entre si.	Só un membro do equipo (ou ningún) participou de forma activa nas tarefas propostas e non hai habido colaboración nin axuda entre eles